Adecuación, coherencia e cohesión

Adecuación

- Cales son as túas expectativas...

- Hostia, tío, espera un pouquiño, é Fernando Torres, tío, cuspidiño, eh?

(Dani Güiza en rolda de prensa)


A adecuación
refíerese a
esixe atender
esixe empregar
expresión acorde co contexto
a intención comunicativa
informar / persuadir / convencer...
o tratamento da información
noticia / informe /reportaxe...
a situación e o receptor
+/-formal, +/-próximo
a canle
a variedade agardábel
rexistro formal / coloquial
a forma de tratamento acaída
vostede / ti
recursos pertinentes
ironía, humor / -

Adecuación

Reunidos na aula, o día 9 de maio, ás 14 horas, en primeira convocatoria, coa asistencia de todos os membros, tratáronse as seguintes cuestións:

- O uso dos dispositivos móbiles estará restrinxido aos recreos, pero o emprego da cámara para difundir imaxes ou vídeos denigrantes do claustro ou do alumnado estará penalizado por sanción.
- O horario do Centro debe ser respectado por toda a comunidade educativa, incluídos os profesores, que soen chegar máis tarde cós alumnos.

Adecuación

(...)

DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

- Debatéronse diferentes propostas para a modificación do RRI. X. entende que a prohibición do uso do móbil imposibilita tirarlle rendemento educativo, polo que propón permitir o emprego de aparellos electrónicos no recreo e tamén na aula en situacións que o profesorado considere proveitosas.
- M. e D. defenden o cambio de regulamento a respecto da falta de cuspir dentro do recinto escolar. Consideran que esa acción non dana a ninguén nin repercute na limpeza se se realiza con coidado e en zonas seguras, de xeito que non debera estar prohibido nesas condicións.

(...)

Coherencia

- Vostede cre que a muller é o complemento do home?

- Eu creo que o home complementa ao home, muller con muller, home con home e tamén muller a home do mesmo modo no sentido contrario. E estamos para darnos cariño, para darnos amor, e a muller é o complemento do home, nun sentido moi fermoso, porque lle dá amor, tamén lle dá o cariño. O mundo está evolucionando e cada vez dámoslle máis amor aos homes, que algunha vez foron machistas.

(Verónica Velásquez)


A coherencia
refíerese a
esixe atender
mellórase con
a información
determinadas regras
esquemas previos
con calidade (pertinente e clara)
coa cantidade precisa
con estrutura
en orde
con equilibrio entre coñecido - novo
non contradición
repetición en progresión
relación

Coherencia

Faltas de limpeza e descoido do material:

- Extraer calquera tipo de material (informático...) pertencente ao centor escolar.
- O uso inadecuado do material informático e a utilización do teléfono móbil en horario lectivo.
- Facer un uso máis eficaz das papeleiras do recinto.

Coherencia

(...)

ACORDOS ACADADOS

- Sen necesidade de votar as distintas propostas, acordouse propoñerlles aos órganos do Centro as modificacións enunciadas antes: os usos didácticos e en períodos de lecer do teléfono móbil e mais unha maior permisividade en determinados contextos no que se refire ás cuspiduras.
- Apostouse tamén pola transmisión destas achegas a través da Xunta de delegados/as mediante o representante da aula.

(...)

Cohesión

- No 40% das familias estadounidenses con fillos as mulleres son as principais xeradoras de ingresos, pero seguen gañando menos cós homes. Que cres que reflicte isto da nosa sociedade?

- Creo que podemos relacionar isto coa educación, e como seguimos tratando de loitar para de entender como crear traballos agora. E creo que especialmente os homes son vistos como os líderes disto, e necesitamos ver como creamos a educación mellor.

(Utah Marissa Powell)


A cohesión
refíerese a
maniféstase a través de
a conexión entre as ideas
a relación entre os elementos do texto
esixe evitar
léxico repetitivo
desorde sintáctica
oracións longas con anacolutos
nexos imprecisos
mecanismos gramaticais
marcadores e conectores textuais
de orde
de adición
de contraste
.....
deíxe persoal, espacial e temporal
referencia anafórica e catafórica (proformas)
sinónimos, hiperónimos, expresións equivalentes... (recorrencia semántica)
a puntuación
mecanismos léxicos
por substitución
por repetición (recorrencia léxica)
por supresión
a distancia
de relevo
elipse

Cohesión

- Polo uso no centro destes aparellos (teléfonos móbiles, tablets, mp3...), serán requisados e só poderán ser recollidos polos pais.
- No primeiro comunicado faráselle saber ao profesorado esta idea e no segundo comunicado sería xa en conxunto entre alumnos e profesorado a todo o corpo directivo.

Cohesión

(...)

DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

- Debatéronse diferentes propostas para a modificación do RRI. X. entende que a prohibición do uso do móbil imposibilita tirarlle rendemento educativo, polo que propón permitir o emprego de aparellos electrónicos no recreo e tamén na aula en situacións que o profesorado considere proveitosas.
- M. e D. defenden o cambio de regulamento a respecto da falta de cuspir dentro do recinto escolar. Consideran que esa acción non dana a ninguén nin repercute na limpeza se se realiza con coidado e en zonas seguras, de xeito que non debera estar prohibido nesas condicións.

(...)